

ANEXO

PREZOS APLICABLES NO CURSO 2011/2012

1. Prezo por asistencia.

O prezo pola asistencia ós centros de atención á primeira infancia dependentes da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude fíxase en 110 euros mensuais.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as seguintes reducións totais ou parciais:

- a) Inferiores ó 50 por cento do salario mínimo interprofesional, reducción do 100 por cento: 0 euros.
- b) Entre o 50 e o 75 por cento do salario mínimo interprofesional, reducción do 70 por cento: 33 euros.
- c) Superiores ó 75 por cento e inferiores ó 100 por cento do salario mínimo interprofesional, reducción do 40 por cento: 66 euros.
- d) Entre o 100 e o 150 por cento do salario mínimo interprofesional, reducción do 10 por cento: 99 euros.

2. Prezo por servizos complementarios.

A) Nos centros que presten outros servizos, os prezos ós que fai referencia o punto 1 incrementaranse segundo os servizos dos que o neno/a sexa usuario:

- a) Servizo de comedor: o prezo por este servizo fíxase en 33 euros mensuais. No caso de nenos/as que non utilicen habitualmente o servizo de comedor e que excepcionalmente, e por motivos xustificados, desexen utilizarlo servizo algún día solto, o prezo será de 2 euros por día.
- b) Servizo de transporte: o prezo por este servizo fíxase en 33 euros mensuais.
- c) Horario ampliado: o prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario normal será de 13,75 euros

B) Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre os prezos dos servizos anteriores aplicaranse reducións totais ou parciais:

- a) Inferiores ó 30 por cento do salario mínimo interprofesional, reducción do 100 por cento.
 - b) Entre o 30 e o 100 por cento do salario mínimo interprofesional, reducción do 50 por cento.
- C) Os servizos ós que fai referencia este punto 2 serán de utilización voluntaria polos nenos/as asistentes ó centro.

3. Descontos.

A) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplica-lo disposto nos puntos 1 e 2 anteriores aplicaranse os seguintes descontos:

- a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.
- b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento.
- c) Cando asistan ó mesmo centro varios irmáns, desconto dun 20 por cento por cada neno/a atendido/a. No caso de que estes irmáns nacesen en parto múltiple, o desconto será dun 30 por cento por cada neno/a.

Os descontos anteriores, cando se dean nunha mesma persoa, serán acumulables.

B) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitud fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ó día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento.